



O coidado é unha regra de ouro da nosa humanidade e trae consigo saúde e esperanza. Unha sociedade sa é quen de coidar da saúde de todos.

—Papa Francisco

Unha sociedade que coida é a que permite vivir con dignidade, en igualdade e harmonía coa propia personalidade, entre as persoas, a natureza e Deus. Este equilibrio susténtase na capacidade creadora que é o traballo.



[www.hoac.es/cuidareltrabajocuidarlavida](http://www.hoac.es/cuidareltrabajocuidarlavida)

#### Cobertura informativa



Crónicas, reportaxes, entrevistas...



Axenda de convocatorias



Artigos de reflexión e opinión en:



[www.noticiasobreras.es](http://www.noticiasobreras.es)

**noticias  
obreras**

E ti, animaste a participar? Contacta coa IOAC diocesana en:



## Que é a campaña?

A campaña é a nosa **mirada atenta ao mundo obreiro e do traballo**, desde a tenrura e a esperanza, centrada nun tema concreto que imos desenvolvendo desde diferentes aspectos a coidar, potenciar e transformar.

A campaña visibilízanos, non só como comunidade cristiá e obreira, senón tamén o noso compromiso na loita **pola dignidade do traballo e o traballo digno**.

## Onde e con quen a desenvolvemos?

A campaña quere **xerar espazos de comunión** co mundo obreiro onde poder compartir a vida e facelo desde a realidade máis inmediata: nos nosos **ambientes**, é dicir, en todos aqueles lugares onde vivimos, convivimos e traballamos (familia, centro de traballo, parroquia, amizades, veciñanza, pobo...) e coas **persoas** con quen nos relacionamos día a día.

## Como queremos desenvolve-la?

Desde o **encontro** con outras persoas, grupos e organizacións (sociais e eclesiais), onde poder reflexionar e dialogar sobre as situacións que viven as e os traballadores e as súas familias, para coñecer mellor o que lles pasa e por que.

Desenvolvendo **procesos** sociais e de fraternidade que acompañen a vida obreira, que contribúan a un cambio de mentalidade, para que, colectivamente, busquemos alternativas que ofrezan outra forma de concibir o traballo e de configurar á persoa e á sociedade.

Xerando **vínculos**, pois as relacións van tecendo redes de solidariedade, colaboración, comunicación e información. Coñecer implica escoita e coidado, pero tamén a responsabilidade de manter vivo o interese e os lazos que se van creando.

Desde o **anuncio** e a **denuncia**. Anunciando que o **traballo decente** é o elemento fundamental para a realización da **dignidade humana** e que a economía debe estar ao servizo da persoa. Denunciando a **inxustiza da precariedade**, o **desemprego**, a **desigualdade**, o **empobrecemento**, a **inseguridade** e a **explotación** laboral.

**Celebrando** a vida, os pasos que vaíamos dando na construción dunha sociedade máis humana, xusta e igualitaria, onde o valor supremo sexa a dignidade da persoa e o traballo expresión de amor e coidado; celebrando o noso compromiso e o de moitas outras persoas coas máis vulnerables e empobrecidas do mundo obreiro; e a nosa opción por seguir a Xesucristo.

## Coidar o traballo, coidar a vida

“ Para construír unha sociedade sa, inclusiva, xusta e pacífica, debemos facelo enriba da rocha do ben común. O ben común é unha rocha. E isto é tarefa de nós, non só dalgún especialista.

—Papa Francisco

Co lema «**Coidar o traballo, coidar a vida**», queremos incidir no traballo desde a perspectiva do ben común, que significa:

- ⚙️ A promoción de cada persoa e de cada comunidade, en igualdade e xustiza, respectando os seus dereitos e vocación.
- ⚙️ O benestar e desenvolvemento social, facilitando a cada persoa o seu progreso material, cultural e espiritual.
- ⚙️ A opción preferente polas persoas empobrecidas, fomentando a súa participación na vida da comunidade.
- ⚙️ A estabilidade e seguridade das persoas no lugar de traballo.
- ⚙️ A sustentabilidade desde o coidado pola vida e a natureza, respectando a casa común.

Coidar o traballo é coidar de todas aquelas condicións, internas ou externas, que fagan posible que se realice con dignidade.

